

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de xaneiro de 2023**

Ás 18.15 horas do día 18 de xaneiro de 2023, réunese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourense: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Socialista don Álvaro Vila Araújo (substituído por dona Elvira Lama Fernández)

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de decembro de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 15 de decembro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión**, como resposta a unha cuestión realizada na última comisión, procede a entregarlles aos grupos unha copia das normas de funcionamento interno aprobadas pola Comisión de Patrimonio Cultural na súa última reunión.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que o seu grupo pediu acceso por escrito ao expediente de contratación das obras do novo pantalán de Castrelo de Miño, engadindo que tiveron información de que participou unha lancha zodiac de titularidade municipal nos ditos traballos e que esta sufriu importantes deterioracións.

A **presidenta da comisión** contesta que xa ten acceso ao expediente electrónico na Sección de Transparencia da Deputación.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, reitera unha pregunta que xa formulou en anteriores comisións, que é a relativa ao mantemento dos campos de fútbol de céspede artificial promovidos pola Deputación. Pide que desde a Deputación se encontre unha solución ante a desaparición da empresa que levaba o mantemento, xa que o estado dos campos é deficiente e pode provocar lesións nos usuarios.

A **presidenta da comisión** toma nota de pregunta e a trasladará para os efectos oportunos.

D.ª Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, sinala que se presentou por escrito unha petición relativa ao listados das obras de arte de titularidade provincial e da súa concreta localización, ao que non tiveron resposta.

A **presidenta da comisión** indica que pode acceder ao dito listado na Sección de Transparencia da Deputación.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, pide que a Deputación Provincial abra unha liña de colaboración cos concellos da provincia para que estes poidan elaborar ou actualizar o inventario de bens dos respectivos concellos.

A **presidenta da comisión** toma nota da petición.

E, ás 18.25 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.